FERNANDO PÉREZ BARREIRO

ANDRÒMENAS

VERSOS GALLEGOS





FERROL

Imp. y Est. de «El Correo Gallego»
Real, 139-141—Canalejas, 150-152
1922



Propiedad de Manoel Calvo

Agosto de 1950

A miña nai...
¡miña naiciña!...

Fernando Pérez Barreiro.





As pezas de Vidarte

As pezas de Vidarte

D'un bon pau de vidueira,
pr'o altar mayor d'unha igresia,
fiix'o santeiro Vidarte
un santo que pestanexa
do ben feito qu'il está;
que ninguén vend-o dixera,
qu'un San Gosé tan galano
salira da vidueira;
¡mesmamente rechamaba
entre medias d'as candeas!
E cando Vidart'o veu
sobor da rosca da festa,
e levado en porcesión
pol-os bos mozos d'aldea,
mais cheo que o ovo dixo:
«No diga eu, qu'é altiveza;
¡por is'aquél San Gosé
ser ech'unha boa peza!»...



A bodegueira

A bodegueira

A bodegueira Rosiña
quen lle dixera,
que tan orf'e tan sin xeito,
sin veciños que lle deran
tan soyo unha sede d'auga,
iba votar as primeiras:
ila mesma no creía:
¡casarse unha bodegueira! . . .
Torna da casa do cura
d'aquelar as valineas;
fal'a soyas, cant'e ri,
brinca tola de contenta;
pro . . . n'hai ninguén no camiño,
e tal Rosa non quixera,
pois non lle cabe no peito
est'alegría qu'a envexa
de todal-as mozas fora,
cando Rosiña dixera:
¡cásocheme, Fulaniña!
Pro Rosiñ'a bodegueira,
si n'atop'a quen dicirllo,
seique Rosiña reventa.
. . . .

. . . .

No camiño non veu naide;
xa soíña na bodega,
sin ter con quen compartire
nin alegrías nin penas,
foi o cortello do porco,
pois, si no dice reventa,
e dill'o porco, cand'ergue
o fuciño da maseira,
o ver brincar a Rosiña,
reloucando de contenta:
¡Cásocheme, cocho; cásome
e mañán son as primeiras!...





Sabela

Sabela

A sabela de Currás
d' «estéreco» foille mal;
Sabela chamou o crego,
y-o crego pr'a consolar,
o pé da orella da vella,
berra que te berrarás,
dille: señora Sabela,
todos hemos d'ir pr'alá,
pr'a vosté que vai velliña
tócalle ir diante d'os mais;
lémbrese, pois, miña vella
do Señor qu' h'a de xuzgar,
que arregladiñ'e amañada,
Dios lle dará *un bon lugar*.
E a vella dí; ¿pra qu'o quero,
si non-o poido labrar.
pois, s'o voto a xornaleiros,
vaise todo n'o xornal!...

A Rogación

A Rogación

E mentras ben repinican
as campas n'o campanario,
o Abade de Portovello
n'a Rogación vai cantando;
o finar as letanías,
pordecat' os peisanos,
que canten todos a unha:
«del poder de los SECTARIOS
liberanos Dominé... e... e!...
Pro un velliño, que n'oi ben,
c'a voz cascada d'os anos
canta con tod'o seu folgo:
¡¡do poder d'os SECRETARIOS
liberanos Dominé... e... !!...
—Tío Mingos, que dí mal,
o pé da orella berrando,
díxoll'o señor Abade;
e repricou Xan do Castro:
—Déixeo, señor, ¡que dí ben!...
Y-o vello sigueu cantando:
¡Liberanos Dominé... e... e!!!...





O Sanmartiño de Xan

O Sanmartiño de Xan

Finóuse Xan da Cubela,
o matachín,
e farto foise da terra,
pois cand'esganaba un porco
habí'a costume vella
de darll'unha caldeirada
o tío Xan da Cubela.
Onte, matou sete porcos...
con Xan son oito os da ceba.
Estoupou: ¡O Sanmartiño
qu'a todo porco lle chega!...





Cabuco

O tolo do Porto
y-o tolo do Burgo

O tolo do Porto y-o tolo do Burgo

Lua de Xaneiro,
noite de luar. . . ;
o pé dos palleiros
oubean os cás;
lonx'unha ruada
cant'o alalá;
a orballada cae;
xem'e brua o mar,
y-os tolos comenzan
o seu platicar:
«Meu tolo, hastr'o Porto
compaña ch'ei dar
xa que me trougueches
a porta do lar».
O Porto chegaron
e dill'o chegar
o tolo do Burgo:
«Non quero faltar,
y-hastr'o mismo Porto
compaña ch'ei dar,
xa que me trougueches

a porta do lar»
Pro no Porto o tolo
conforme n'está:
«Meu tolo, hastr'o Burgo,
compaña ch'ei dar
xa que me trougueches
a porta do lar»
E pasou a noite.
pasou o luar,
pasou a ruada,
calaron os cás,
y-o sol tras os montes
comenz'a espuntar,
y-aínda os dous tolos
ind'e vindo están...
Si as veces os tolos
dicen as verdás,
¿os tolos do conto
non ves dimitar
os estilos dos señoriteiros
que na vila vemos alternar?...



Cabuco

E no adro parolando
o Vispo todos agardan:
alí est'o señor Pedánio
c'a camisola pranchada
e todol-os concexás
y-o Sagredario qu'os manda,
y-o maeso y-a maesa,
tod'a mocedade maja
e todol-os de raíz
pol-a casa,
o xuéz municipal,
o mayordomo da Santa,
o périto intelixente,
e cregaxe toda canta
hay a redonda en tres légoas.
Xan de Camba, o sancristán,
oll'o chan desd'a espadana
y-a polvareda qu'o lonxe,
no camiño se levanta.
—¡O Vispo, o Vispo! dí a xente;
moitos son os qu'o acompañan,
e moitas tamén as bestas
que tal polvareda arman.

Ceibade axiña os foguetes,
que repiniquen as campas;
e berranll'o sancristán:
¡toca Camba, toca Camba!
Pro Minguiños do Vedral,
o neto de Niculasa,
cando sinteu os foguetes
e repinicar as campas,
vot'a correr pol-o chan,
e ven d'onde se levanta
a polvareda berrando:
«calai, calai, miñas almas,
que n'é o Vispo que son eu,
que traigo pr'a casa as cabras
que ll'alindo a miña aboa
a señora Niculasa!»
—¡Que n'é o Vispo, dic'un!;
foi un cabuco c'as cabras.
Y-outro berra:
¡¡¡destoca, destoca Camba!!!...



Rua

Rua

Contan qu'o cura de Rua
era crego moi sabido;
Rua cant'o *parcemique*
que mesmo da xenio ouvilo,
e Rua espacificando,
tod'igresia é un allarido;
Rua arriba, Rua abaixo,
que n'hay crego no distrito
qu'ench'a igresia coma Rua,
nin crego tan ben mantido.
A unha parroquia do rente
pra unha *misa de padriños,*
foi chamad'o noso Rua.
N'aquel tempo, pol-o visto,
«*non cabian aleluyas*»;
pr'o finar'a misa dixo:
«¡Ite misa est! *¡Aleluya!*»;
e do coro responderon:
«¡Deo gratias!» ¡¡¡ARRE RUA!!!...



Bô servicio

Por darll'o voto o cacique,
fixéronno enterrador
pago pol-o Untamento,
e pra mostrarll'*o Señor*
o seu agradecemento,
disque dixo o enterrador:
Aquí me ten don Gosé
para servir-a Vosté...





O matón

O matón

Darche c'o baloco
no medeo da testa! . . .
¡Ay que mocedade
nos queda na terra!
Se mo fai a mín,
xúroche por esta,
qu'as doce da noite,
si ninguén houbera,
nin luar fixese
pol-as cabeceiras
do lugar do Moucho,
alí ond'empeza
a fonda congostra,
chamand'a direita;
e no Moucho o trigo
medrado estivera,
pr'encobrir a loita
sin que ninguén vexa;
nin parte da tunda
a Xusticia deran. . . ;
e se non layara,
cand'unha costela

d'un pau lle partira;
nin tampouco houbera
os cás de palleiro
qu'a xente despertan;
si cego na loita,
¡ay! non me doera
tripar as patacas
que medran na terra...;
nin tivera fillos...
nin a Marepepa...
d'aquela... ¡ou lle fendo,
ou me fend'a testa!



¿E tí víchelos?...

¿E tí víchelos?

—Aquél habanero qu'as mozas tolea,
aquél habanero que trai dentes d'ouro,
é o fillo mais novo de Xuana da Rocha,
e róncall'o peito c'os cartos que trouxo.
—¡Ay, Ramona!: ¿e tí víchelos?...
¡pois eu tampouco!...
—Vosté non maxine, meu señor Rosende;
ben dicen do mundo qu'é pau viradoiro:
o qu'onte foi probe, tórnas'hoxe rico,
y-o tal habanero ven tras do casoiro,
e calquera se casa con il,
c'os cartos que trouxo.
—¡Ay, Ramona!: ¿e tí víchelos?...
¡pois eu tampouco!...
Sei qu'andivo en tratos pr'unha compraventa
do lugar de Furcos, y-o do Rañadoiro,
e seique che xuro que n'esta parroquia
andívochos todos,
pro mercar, ningún d'eles mercou.
Rematand'o de Furcos deixóuno
pol-o pique... ¡bótalle!...,

pois foiche, Ramona, si mal non m'acordo,
¡por catorce rás!...
—¡Or'o deño ten cara de cocho!
¡Pois calquera se casa con il,
cos cartos que trouxo!
—¡Ay, Ramona!: ¿e tí víchelos?...
¡pois eu tampouco!...



Eu morrín...

Eu morrín

Aquel meu fill'é un langrán,
é un mal fillo y un bô larpeiro;
sempre a mín mo deu a y-alma...
x'a reñer c'o hirmau pequeno,
dicía sempre: mal rayo
fend'a teu pai pol-o medio..
¡Se non fora!... ¡Seiqu'o escorno
do xesteirazo que ceibo!...
¡Ay langrán! ¡Nunca tal fillo,
mal nacido, e mal suxeto,
foi a misa no meu carro
senon sobor d'un fungueiro.
Aló se foi pr'as Amérecas,
e lembranza d'este vello,
de seu pai, nunca mais tivo;
nin me mandou un limento,
e sobor das miñas costas
os cartos do porte teño.
Voull'a escribir: «*Eu morrin;*
ven a catar o que deixo».
¡¡¡Cando veña, seiqu'o escorno
do xesteirazo que ceibo!!!...

